

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Xestión de persoas: Organización e funcións				
Materia	Xestión de persoas: Organización e funcións			
Código	P04G092V01205			
Titulación	Grao en Dirección e Xestión Pública			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento	Organización de empresas e márketing Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	García-Pintos Escuder, Adela			
Profesorado	García-Pintos Escuder, Adela			
Correo-e	adelagpe@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Unha maior preocupación polo mellor uso dos fondos públicos así como unha maior orientación das organizacións públicas cara ao servizo e o cidadán, indican a cada vez maior presenza de técnicas de xestión de recursos humanos, que inspiradas no sector privado aplícanse nas organizacións públicas. Os cambios consistiron sobre todo na concienciación de que as prácticas en materia de emprego e de retribucións, os métodos de traballo, os resultados e a actitude do persoal, así como os demais aspectos da xestión de recursos humanos, inflúen directamente na eficiencia e eficacia das organizacións públicas. Por iso o programa que a continuación se presenta pretende contribuír, ou polo menos presentar, os instrumentos que se poden aplicar neste tipo de organizacións. Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliografías para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés			

Competencias	
Código	
A1	Que o alumnado demostre posuir e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita encontrarse a un nivel que, se bien se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
A2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que soen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
A4	Que o alumnado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
A5	Que o alumnado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B1	Analizar, sintetizar, resolver problemas e tomar decisións xestionando a información e o tempo
B2	Organizar e planificar a actividade profesional de maneira óptima
B4	Comprometerse eticamente e ter vocación de servizo público
B5	Razonar criticamente
B6	Aplicar o coñecemento relacionado coa dirección e xestión pública na práctica
C7	Deseñar e implementar ferramentas de xestión dos recursos humanos nas organizacións
D1	Identificar o significado e aplicar a perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria
D2	Comunicarse de forma oral e escrita tanto nas linguas oficiales (castelán e galego) como nunha lingua extranxeira
D4	Dominar as TIC relationadas coa titulación no ámbito académico e profesional

D5	Integrar a aprendizaxe autónoma
D6	Adaptarse a novas situacións

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Que o alumnado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo	A1
Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo	A2
Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética	A3
Que o alumnado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado	A4
Que o alumnado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía	A5
Analizar, sintetizar, resolver problemas e tomar decisións xestionando a información e o tempo	B1
Organizar e planificar a actividade profesional de maneira óptima	B2
Comprometerse eticamente e ter vocación de servizo público	B4
Razoar críticamente	B5
Aplicar o coñecemento relacionado coa dirección e xestión pública na práctica	B6
Deseñar e implementar ferramentas de xestión dos recursos humanos nas organizacións	C7
Identificar o significado e aplicar a perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria	D1
Comunicarse de forma oral e escrita tanto nas linguas oficiais (castelán e galego) como nunha lingua estranxeira	D2
Dominar o TIC relacionadas coa titulación no ámbito académico e profesional.	D4
Integrar a aprendizaxe autónoma	D5
Adaptarse a novas situacións	D6

Contidos

Tema	
1. A dirección estratéxica de recursos humanos	1.1. Introdución 1.2. Importancia da xestión estratéxica de recursos humanos 1.3. Evolución da xestión estratéxica de recursos humanos 1.4. Dirección estratéxica de recursos humanos: etapas
2. A xestión de postos de traballo	2.1. Introdución 2.2. Conceptos previos 2.3. Deseño de postos e estrutura organizativa 2.4. Enfoques para o deseño de postos 2.6. Flexibilidade no posto de traballo
3. Análise e descrición de postos de traballo	3.1. Introdución 3.2. Análise e descrición de postos de traballo 3.3. Plan de actuación para a análise e descrición de postos de traballo 3.4. ¿Como obter a información dos postos de traballo? 3.5. Descrición de postos de traballo- 3.6. Especificacións do posto de traballo 3.7. Principais utilidades da análise e descrición de postos de traballo
4. Planificación de recursos humanos	4.1. Introdución 4.2. Optimización do persoal 4.3. Proceso de planificación estratéxica de recursos humanos
5. Contratación de persoal	5.1. Introdución 5.2. Recrutamento 5.2. Selección de persoal 5.3. Proceso de integración: socialización
6. Planificación de carreiras profesionais	6.1. Introdución 6.2. Proceso de planificación de carreiras profesionais
7. Valoración de postos de traballo	7.1. Introdución 7.2. Obxectivos 7.3. Técnicas de valoración de postos de traballo

8. Avaliación do rendemento	8.1. Introdución 8.2. Fases do sistema de xestión e avaliación do rendemento 8.3. Participantes no proceso 8.4. Técnicas de avaliación do rendemento 8.5. Rumbos 8.6. Xestión do rendemento 8.7. Control
9. Xestión da retribución	9.1. Introdución 9.2. Principios xerais da xestión da retribución 9.3. Obxectivos do sistema de retribución 9.4. Deseño do sistema retributivo
10. Xestión da formación	10.1 Introdución 10.2. Principios básicos da formación 10.3. Tipos de formación 10.4. Planificación da formación

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	31	33	64
Estudo de casos	12	48	60
Resolución de problemas de forma autónoma	0	24	24
Aprendizaxe-servizo	1	0	1
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Na sesión maxistral, levará a cabo por parte do profesorado a exposición dos contidos da materia de xestión de persoas que foron incluídos no temario desta materia. Realizarase de forma presencial, a través do campus remoto e/ou plataforma Moovi.
Estudo de casos	O estudante desenvolverá exercicios ou estudos de casos baixo as directrices e supervisión do profesorado.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan exercicios e probas tipo test relacionados coa materia. O alumnado deberá levar a cabo estas actividades de forma autónoma e ser entregadas a través da plataforma Moovi para a súa avaliación
Aprendizaxe-servizo	Esta materia está dentro do plan de promoción da Aprendizaxe Servizo na Universidade de Vigo promocionado pola Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación. A actividade de Aprendizaxe servizo (ApS) é voluntaria,

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O alumnado poderá resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. As titorías realizaranse preferentemente por medios telemáticos (correo electrónico, campus remoto, foros de dúbidas en Moovi). Para aquel alumno ou alumna que o solicite poderanse realizar, na medida do posible, presencialmente. Indicaranse a comezo de curso as formas concretas de comunicación así como os horarios.
Estudo de casos	O alumnado poderá resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. As titorías realizaranse preferentemente por medios telemáticos (correo electrónico, campus remoto, foros de dúbidas en Moovi). Para aquel alumno ou alumna que o solicite poderanse realizar, na medida do posible, presencialmente. Indicaranse a comezo de curso as formas concretas de comunicación así como os horarios.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado poderá resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. As titorías realizaranse preferentemente por medios telemáticos (correo electrónico, campus remoto, foros de dúbidas en Moovi). Para aquel alumno ou alumna que o solicite poderanse realizar, na medida do posible, presencialmente. Indicaranse a comezo de curso as formas concretas de comunicación así como os horarios.

Aprendizaxe-servizo	O alumnado poderá resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. As titorías realizaranse preferentemente por medios telemáticos (correo electrónico, campus remoto, foros de dúbidas en Moovi). Para aquel alumno ou alumna que o solicite poderanse realizar, na medida do posible, presencialmente. Indicaranse a comezo de curso as formas concretas de comunicación así como os horarios.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resolución de problemas de forma autónoma	Avaliarase a participación e a realización das distintas actividades programadas. Ditas actividades serán entregadas a través da plataforma Moovi, non admitíndose a entrega por ningún outro medio.	40	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B4 B5 B6	C7	D1 D2 D4 D5 D6
Exame de preguntas de desenvolvemento	Trátase dunha proba a final de curso orientada á aplicación dos conceptos desenvolvidos na materia.	60	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B4 B5 B6	C7	D1 D2 D4 D5 D6

Outros comentarios sobre a Avaliación

APRENDIZAXE SERVIZO (ApS)

Esta materia está dentro do plan de promoción da Aprendizaxe Servizo na Universidade de Vigo promocionado pola Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación.

A actividade de Aprendizaxe servizo (ApS) é voluntaria, permitíndose que só 5 alumnos ou alumnas poidan realizala. No caso de que haxa máis solicitudes que prazas, elixirase por expediente. A forma e prazos para adherirse ao plan serán indicados con tempo suficiente polos profesores

O ApS supón o desenvolvemento dunha serie de actividades polo grupo, guiadas en todo momento polos profesores. O alumnado poderá obter até un máximo de 1,5 puntos e estará exento da realización de parte das actividades de avaliación continua (estudo de casos). A adhesión a este plan supón a renuncia á cualificación desas actividades exentas.

NOTA FINAL.

É requisito indispensable para sumar a parte de avaliación continua (resolución de problemas de forma autónoma) polo menos sacar un 4 sobre 10 puntos no exame final.

2ª CONVOCATORIA

A forma de avaliación na convocatoria de xuño é a mesma que en xaneiro.

a) Non existe posibilidade de mellorar a nota da parte de avaliación continua para a convocatoria de xuño, xa que se trata de actividades programadas ao longo do curso.

b) Si a materia non é superada nesta convocatoria, o alumno ou alumna deberá cursala novamente adaptándose á guía docente que estea vixente no curso académico en cuestión e, por tanto, non conservará ningunha das cualificacións obtidas no presente curso

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

GOMEZ-MEJIA, L. R., BALKIN, D. B. y CARDY, R. L., **Gestión de recursos humanos.**, 9788490352984, Prentice-Hall, 2019

GOMEZ-MEJIA, L. R., BALKIN, D. B. y CARDY, R. L., **Managing Human Resources**, 9780132729826, 7, Pearson, 2013

Bibliografía Complementaria

DELGADO, M. I.; GÓMEZ, L.; ROMERO, A. M. y VÁZQUEZ, E, **Gestión de recursos humanos del análisis teórico a la solución práctica**, 978-84-8322-307-9, Pearson, 2006

Fernández Sánchez, E. y Junquera Cimadevilla, B., **Iniciación a los recursos humanos.**, 9788415279990, Septem Ediciomes, 2013

Rubió Sanchez, T., **Recursos humanos: dirección y gestión de personas en las organizaciones.**, 978-84-9921-823-6, Ediciones Octaedro, SL., 2016

SILVA GONZÁLEZ, M.M. et al,, **Las Relaciones humanas en la empresa**, 978-84-283-3169-2, Paraninfo, 2008

Velando Rodríguez, M. Elena, **Manual Práctico de Planificación de Necesidades de Recursos Humanos : ejercicios comentados de planificación cuantitativa de corto y largo plazo**, 9798689165295, 2020

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Xestión de recursos humanos: Relacións de postos de traballo e ofertas de emprego público multinivel/P04G092V01206

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
Non se contemplan modificacións nas metodoloxías docentes coa única salvedade de que os contidos teóricos poderán ser impartidos de xeito non presencial.

Os mecanismos non presenciais de atención ao alumnado (titorías) serán o despacho virtual do campus remoto no horario indicado e o correo electrónico.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Non se contemplan modificacións nos sistemas de avaliación máis aló da posibilidade de que algunha das probas de avaliación teñan que realizarse de xeito non presencial.